



Denominación do título	Máster Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
Campus	Campus de Elviña – A Coruña
Centro de adscrición	Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
Coordinador/a	Diego Carro López diego.carro@udc.es 881015429
Universidades e outros organismos participantes	Universidade da Coruña
Créditos	120 créditos - Modalidade presencial
Idiomas de impartición	Español/Galego
Páxina web	https://estudios.udc.es/gl/study/start/4514V01 https://caminos.udc.es/hosting/web/index.php/grados-2/

PRAZAS OFERTADAS PARA A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

25 prazas.

REQUISITOS DE ACCESO E ADMISIÓN

Requisitos xerais:

Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI ou pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso ao Máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (solicitud de expedición de título oficial).
- Certificación académica ou SET no que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.



- As persoas solicitantes con títulos que non sexan do sistema universitario español, deben presentar ademais unha [declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.
- As persoas solicitantes de países do EEES non membros da UE ou asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a [documentación legalizada](#).

Requisitos específicos:

Máster universitario que habilita para o exercicio de profesión regulada. As persoas tituladas de sistemas educativos alleos ao EEES que soliciten o acceso a másteres universitarios oficiais que lles habiliten para exercer unha profesión regulada, deberán ter necesariamente o título homologado ou declarado equivalente polo ministerio competente.

- Titulación requirida:
Grao en Enxeñaría de Obras Públicas, Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil ou Grao en Enxeñaría Civil ou similar.
- Idiomas:
 - o **Español:** O estudantado procedente de países con idioma oficial distinto do español ou portugués deberá presentar un certificado oficial que acredite, como mínimo, un nivel B1 de coñecemento de español.
 - o **Inglés:** Certificación nivel B2 de inglés acreditado de acordo cos certificados oficiais admitidos por ACLES e a súa correspondencia co MCER ou acreditado mediante certificados emitidos polos centros de idiomas de universidades públicas, independentemente da Universidade na que se obtivo o título de grao. Previa avaliación da Comisión Docente do centro, os/as interesados/as poderán matricularse condicionalmente sen acreditar este requisito. A dita acreditación poderá pospoñerse como máximo ata a finalización do primeiro cuadrimestre. Si os/as interesados/as non presentan os documentos requiridos a matrícula quedará anulada por resolución reitoral, por proposta da Directora da E.T.S.E.C.C.P. e sen dereito á devolución das taxas e prezos públicos aboados.



INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Criterios de baremación:

No caso que o número de persoas solicitantes supere o número de prazas de novo ingreso dispoñibles:

- EXPEDIENTE ACADÉMICO (55%) Expediente académico da persoa solicitante ponderado coa eficiencia académica do título de Grao cursado que outorga o dereito de acceso ó MICCP
- ADECUACIÓN DA FORMACIÓN DE GRAO (30%) Valoración da formación recibida no Grao que outorga o dereito de acceso o MICCP
- COÑECEMENTO DE IDIOMAS (15%)

Requisitos xerais da documentación:

- Debe ser oficial e expedida polas autoridades competentes.
- Se a documentación está nun idioma distinto ao galego ou castelán deben acompañala da tradución oficial que deberá facela un/unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español. Máis información [aquí](#).
- Non será necesaria a tradución oficial cando sexan redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana, nestes casos é suficiente coa tradución realizada pola persoa interesada, se houbese discrepancia, prevalecerá a tradución feita pola UDC.
 - o No suposto da documentación traducida deben presentar copias dos:
 - documentos orixinais sen traducir (sen o selo do tradutor)
 - documentos orixinais traducidos (co selo do tradutor)
- Todos os documentos serán copias compulsadas.
- Se na preinscrición presentan copias simples, ao efectuar a matrícula deben presentar os orixinais para a súa compulsa.
- A comisión do Máster pode solicitar máis documentación.